# 28 Mostra Internacional de Teatro de Ribadavia

21–28 xullo 2012





# Venda de entradas

## NA SEDE DA MIT

**Venda anticipada** de 10.00 h a 14.00 h e de 18.00 h a 20:30 h
**Venda inmediata diaria** a partir das 21:00 h
**Información,** sala de prensa e sede da Mostra:
Rúa García Penedo, 3 (na entrada da Praza Maior)
Tel. 988 472 056

## PREZOS

**Espectáculos adultos**
Xeral 7 €, reducida (desempregados/as e estudantes) 5 €
**Espectáculos de inauguración e clausura** (*A puerta cerrada* e *Delicadas*)
Xeral 10 €, reducida 8 €

## Información especial

**Entradas non numeradas do Castelo (bloques 4 e 5):** prezo único 5 €
**Espectáculos de inauguración e clausura (bloques 4 e 5):** prezo único 8 €
**Espectáculo infantil La Baldufa (Casa da Cultura) e Sololeo (Adro de Santo Domingo):** adultos 5 €, nenas e nenos 2 €
**Espectáculos de rúa:** gratuítos

## SERVIZO DE VENDA ELECTRÓNICA E TELEFÓNICA NOVACAIXAGALICIA

servinova.com 902 504 500 vendadeentradas novacaixagalicia

Ata o día antes de cada espectáculo
www.servinova.com
Tel. 902 504 500

A venda anticipada de entradas corresponderá sempre ao 80% do aforo de cada espectáculo. O 20% restante venderase no despacho de billetes o mesmo día da función.

**NOTA:** Para as entradas de prezo reducido é preciso presentar a documentación acreditativa.

# Marcos Blanco
## Alcalde de Ribadavia

O 21 de xullo xa chega, e con el a inauguración do maior espectáculo das artes escénicas que se fai en Galicia. Un evento que, a pesar da crise, pretende compartir contigo novas experiencias e diferentes sensacións que de seguro non te deixarán impasivo.

As circunstancias que rodearon esta 28ª edición da MIT de Ribadavia non foron nada boas. Non soamente se nos impoñen recortes en sanidade, educación, servizos sociais, etc..., que nos afectan a todos os veciños, senón que tamén a cultura se sente seriamente afectada polos diversos recortes que nos veñen impostos por Europa, Madrid ou Santiago.

Dende o Concello de Ribadavia e dende a organización da MIT, entendemos que a Mostra é un patrimonio cultural intocable para todos aqueles que aman e disfrutan da MIT en Ribadavia, e por iso, sabemos que a MIT non pode depender no seu financiamento de subvencións volátiles que un ano se teñen e outro se poidan poñer en dúbida. A profesionalización da MIT e a aposta pola súa calidade tamén pasa por un financiamento estable e duradeiro que faga que a MIT perdure no tempo. Por isto, este goberno ten que buscar e atopar novas vías de financiación que nos afasten da dádiva política de turno e que nos acerque máis á autofinanciación dunha gran parte do orzamento da nosa MIT.

Neste novo reto atopámonos e estamos seguros de que o traballo que se está facendo hoxe dará os seus froitos o día de mañá. Non esquezamos, uns estamos eiquí de paso, a MIT de Ribadavia perdurará no tempo para disfrute de todos e cada un dos fieis seguidores da MIT de Ribadavia.

Por todo o exposto anteriormente, quero ofrecerche a posibilidade de que ti, como público activo desta MIT, sexas un dos valores máis importante desta e de vindeiras edicións da MIT de Ribadavia. Nós sabemos que ti non nos deixarás de lado, que sempre estarás aí esperando a que te sorprendamos coa nova programación, para revivir un ano máis a cultura no seu grao superlativo.

Queremos que sexas o noso socio máis preciado, contigo a MIT é máis que un evento teatral estival. Queremos que compartas os nosos éxitos e as nosas críticas. Querémoste porque nos entendes e o que facemos facémolo por ti. Estou seguro que esta vixésimo oitava edición da MIT volverate sorprender e engaiolar. Gózaa, é túa.

Grazas polo teu apoio máis incondicional. Saúde e viva a MIT.

# José Prieto
## Concelleiro de Cultura

Son poucos os lugares que poidan presumir dunha historia cultural tan rica coma a que ten Ribadavia. Desde o ano 84 coa MIT e antes con Abrente, o teatro galego e internacional deulle moito a Galicia e a Ribadavia, que recibe con entusiasmo en cada edición a visitantes, compañías, veciños e xornalistas que dan a coñecer e saborean todo o que se pode combinar co que a MIT ofrece: bo viño, boa xente, patrimonio artístico, lendas, paisaxe, termalismo, doces... Animo a todos os veciños a que sexan anfitrións da gran festa do teatro e animo a todos os turistas que deciden coñecer Ribadavia a través do teatro nun contexto único, excepcional, a que se deixen mimar polas bondades do lugar e das súas xentes.

Por Ribadavia pasan espectáculos únicos, algúns obteñen grandes premios tras pisar esta fértil terra, pero sobre todo existe ese pracer por ver o mellor da arte escénica sobre un manto de estrelas, con esa maxia das agradables noites de xullo, ese lugar de encontro que é o Castelo, unha oferta de altísima calidade, asequible, cercana, que pon en valor os pequenos tesouros, coma a amizade, unha agradable velada, un intenso debate en torno ós puntos de vista dunha obra ou unha divertida tarde familiar nos distintos espectáculos de rúa.

A MIT é capaz de medrar contra a adversidade, co beneprácito de todos, capaz de sorprender, de guiar os nosos espíritos, de demostrar que o que nace do pobo permanece no pobo, ben asentado e ben alimentado. A MIT somos e sodes todos, grazas especiais aos patrocinadores e mecenas, pois entre todos contribúen a poñer as mellores condicións para que suceda esta marabilla, para que artistas, técnicos, voluntarios, persoal dean o mellor para os espectadores, para que cada noite de teatro sexa unha viaxe incomparable dos sentidos. Máis orgullosos ca nunca, vivamos con toda a ledicia a MIT abandonando por un momento este longo inverno de recesión.

# Roberto Pascual
## Director da MIT Ribadavia

Dicía Roberto Vidal Bolaño, director e dramaturgo da Xeración Abrente, a quen se lle adicarán as Letras Galegas de 2013, feito que por outra banda nos estimula enormemente, que “o teatro é unha arte colectiva nun duplo sentido: vai dirixida a un público, non a espectadores individuais, e está realizada por un equipo creativo, non por un único artista.” Compartimos plenamente esta idea na dirección da MIT Ribadavia. Que o programa procure engaiolar, provocar e colmar os moi distintos e particulares gustos de milleiros de espectadores que a MIT acolle, non anula esta máxima, axuda ao diálogo e á confrontación. Que a creación teatral é colectiva, tamén o demostra todo o persoal implicado na organización, que infatigablemente suma forzas e virtudes para manter o mesmo compromiso e mellorar en cada un dos aspectos que así o precisen, como evento dinámico e con afán de progreso que de facto é a MIT.

Xunto a un inmellorable equipo de traballo, teño unha firme convicción como director, a MIT debe chegar a novos ouvidos, explorar novas canles, conquistar novos espectadores, non cómpre adormecer. Ao longo de todo o ano compaxinamos a selección de espectáculos, arriscando criterios temáticos e estéticos con afán de coherencia, co que agardamos acertar nos particulares espazos de exhibición, mais sempre defendendo as cualidades básicas da forxada arte escénica coa xestión de patrocinios ou o arranxo de melloras estruturais que consideramos que a MIT pode e debe conquerir. Unha desas fundamentais, como se sabe, é a creación dunha fundación ou padroado no cal todas as administracións deben manifestar o seu estable e responsable compromiso, como expresión correlativa a unha realidade obxectiva: a excelente recepción das continuadas edicións da MIT Ribadavia e a súa posición canónica, sen furna de cristal, viva e atraente, na cultura galega.

Chega esta edición quizais no peor momento para o sector profesional das artes escénicas de Galicia e nós, dende logo, non permaneceremos impasibles. Xunto ao frutuoso e cálido alento dos espectadores que inundan Ribadavia, permanecen sentimentos nobres, coma o orgullo e a crenza na nosa lingua, nas nosas artes, no noso patrimonio, nas nosas creadoras e creadores, coma o mellor instrumento para o acceso ás tendencias escénicas internacionais, innovadoras e destacadas. Ribadavia sempre perseguiu a vangarda contando coa realidade próxima, non precisou de luxosas infraestruturas para facer da vila un dinámico mapa cultural, pero si precisa, como recoñecida capital do teatro, dignidade, traballo e cultura contra a mentira. Benvidas, benvidos, o espectáculo continúa.

28 MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA
21 - 28 xullo 2012

# PROGRAMA XXVIII MIT RIBADAVIA

## Venres 20

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 23:00 | *Fóra de si* Apoio da MIT ao teatro afeccionado de Ribadavia | | | **Teatro do Vilar** |

## Sábado 21

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 20:00 | Inauguración oficial da MIT 2012 | | | **Salón de actos do Concello** |
| 20:30 | Pregón da 28ª edición a cargo de Quico Cadaval | | | |
| 23:00 | *A puerta cerrada* | Timbre 4 e Théâtre du Soleil | Arxentina-Francia | **Auditorio do Castelo** |
| 00:30 | *ZOTT il fuoco che cammina* | Drago Bianco e Cantiere Ikrea | Italia | **Espazo Ruadavia: Praza Maior** |

## Domingo 22

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12:30 | Resolución do 7ª Premio Abrente de textos teatrais | | | **Salón de actos do Concello** |
| 20:30 | *Bailando tus huesos* | Teatro en el Aire | España-México | **Igrexa da Madalena** |
| 23:00 | *Cão que morre não ladra* | Teatro do Chapitô | Portugal | **Auditorio do Castelo** |

## Luns 23

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 20:30 | *Bailando tus huesos* | Teatro en el Aire | España-México | **Igrexa da Madalena** |
| 21:00 | *Feedback* | Teatro de Marionetas do Porto | Portugal | **Espazo Ruadavia: Praza Maior** |
| 23:00 | *Farsas y églogas* | Compañía de Teatro Clásico e Nao d'amores | España | **Auditorio do Castelo** |

## Martes 24

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 20:30 | *Bailando tus huesos* | Teatro en el Aire | España-México | **Igrexa da Madalena** |
| 12:00 20:00 | *Xirafas* | Xirriquiteula | Cataluña | **Espazo Ruadavia: Itinerante** |
| 23:00 | *Donde hay agravios no hay celos* | Mefisto Teatro | Cuba | **Auditorio do Castelo** |

## Mércores 25

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 20:00 | *Cantares de cego* | Viravolta Títeres | Galiza | **Santo André** |
| 21:00 | *El príncipe feliz* | La Baldufa | Cataluña | **Casa da Cultura** |
| 23:00 | *Oeste solitario* | P.T. Excéntricas | Galicia | **Auditorio do Castelo** |

28 MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA
21 - 28 xullo 2012

# PROGRAMA XXVIII MIT RIBADAVIA

## Xoves 26

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 10:00 | Xornada Teatro e Crítica. Asociación de Escritores en Lingua Galega<br>Acto de entrega do Premio de Honra Abrente 2012 e clausura | | | Salón de actos da Casa do Concello |
| 19:30 | Presentación do número 71 da *Revista Galega de Teatro* | | | Café La Huella del Gato |
| 12:00 | *Post-scriptum* | Théâtre du Sursaut | Bélxica | San Cristovo |
| 21:00 | | | | Espazo Ruadavia: Praza Maior |
| 23:00 | *In* | Elefante elegante | Galiza | Auditorio do Castelo |

## Venres 27

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12:00<br>21:00 | *Sololeo* | Truck theater | España | Adro de Santo Domingo |
| 20:00 | *Historia dunha semente* | Caramuxo Teatro | Galiza | Sampaio |
| 21:00 | *A tempestade* | ESAD Galicia | Galiza | Casa da Cultura |
| 23:00 | *Crónicas do Sochantre* | Les Anachroniques | Francia | Auditorio do Castelo |

## Sábado 28

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| 12:00<br>21:30 | *Sololeo* | Truck theater | España | Adro de Santo Domingo |
| 20:00 | *Arrieiros* | Os Quinquilláns | Galicia | Francelos |
| 23:00 | *Delicadas* | T de Teatre | Catalunya | Auditorio do Castelo |

CASTELO

IGREXA DA MADALENA

ADRO DE SANTO DOMINGO

CASA DA CULTURA

RUADAVIA

SPUTMIT

# Quico Cadaval

## Pregoeiro da XXVIII MIT Ribadavia

Quico Cadaval é actor, director, dramaturxista e narrador. Nado en Ribeira, foi impulsor do movemento de radioteatros xurdido en Galicia na década dos noventa. Aprendeu a contar contos e a coñecer historias de boca das persoas que pasaban pola taberna da súa familia, coma Cunqueiro na botica de Mondoñedo. Comezou a interpretación teatral a finais dos anos setenta en Santiago de Compostela, no CDG (compañía na que dirixirá diversos espectáculos), e xa nos anos oitenta fundou o seu propio grupo: O Moucho Clerc. Traballou en diferentes producións da TVG e na televisión portuguesa, así coma en curtametraxes e longametraxes, e recibiu diferentes premios polo seu traballo escénico. Un dos seus espectáculos máis aplaudidos, *Oeste solitario*, forma parte do programa da 28ª MIT, que bota a andar coa súa verba fiteira, perspicaz e viaxeira.



**Sábado 21**
**23:00**

**CASTELO**



# *A puerta cerrada*

## Timbre 4 e Théâtre du Soleil. Arxentina-Francia

**Dirección:** Serge Nicolai (Théâtre du Soleil)
**Axudantía de dirección:** Olivia Corsini (Théâtre du Soleil)
**Autoría:** Jean Paul Sartre
**Intérpretes:** Maday Mendez , Josefina Pieres, Franz David Toro, Daniel Cabot (Timbre 4)
**Son / música:** Jean Jacques Lemêtre (Théâtre du Soleil)
**Escenografía:** Serge Nicolai
**Produción executiva:** Fabio Petrucci e Vanessa Cuervo
**Público recomendado:** A partir de 16 anos
**Tipo de espectáculo:** Drama
**Duración:** 90 min.
**ESTREA EN EUROPA**

TEATRO TIMBRE4

[www.theatre-du-soleil.fr]
[www.timbre4.com]

Tres personaxes encóntranse na hora da súa morte no mesmo cuarto. Trátase de Garcin, xornalista, Inés, empregada postal e Estelle, unha muller mundana, rica. Jean-Paul Sartre descríbenos aquí a súa visión do Infierno con brío: “o Inferno son os outros”. Os tres protagonistas loitan sen cesar para escaparen da súa situación, pero o Inferno finalmente sempre se impón.

Tres personajes se encuentran en la hora de su muerte en el mismo cuarto. Se trata de Garcin, periodista, Inés, empleada postal y Estelle, una mujer mundana, rica. Jean-Paul Sartre nos describe aquí su visión del Infierno con brío: “el Infierno son los otros”. Los tres protagonistas luchan sin cesar para escapar de su situación, pero el Infierno finalmente siempre se impone.



Domingo 22
23:00

CASTELO



# *Cão que morre não ladra*

## Teatro do Chapitô. Portugal

**Dirección e autoría:** Creación colectiva da Companhia do Chapitô
**Intérpretes:** Jorge Cruz, Marta Cerqueira e Tiago Viegas
**Espazo escénico:** Teatro do Chapitô
**Iluminación:** Paulo Cunha
**Son / música:** Tiago Cerqueira
**Indumentaria:** Companhia do Chapitô
**Público recomendado:** Maiores de 12 anos
**Tipo de espectáculo:** Comedia visual con pouco texto
**Duración:** Aprox. 1 hora

[www.chapito.org]

Os cans mortos non ladran. Ou será que ladran? As persoas mortas non danzan. Ou será que danzan? Este espectáculo da Companhia do Chapitô é unha comedia negra que fala dunha familia que ten un problema bastante serio. É unha familia que ten unha maneira particular e especial de lidar coa perda dun ser amado. Unha familia rota e partida ao medio pola traxedia, pero finalmente reunida...

Los perros muertos no ladran. ¿O será que ladran? Las personas muertas no danzan. ¿O será que danzan? Este espectáculo de la Companhia do Chapitô es una comedia negra que habla de una familia que tiene un problema bastante serio. Es una familia que tiene una manera particular y especial de lidiar con la pérdida de un ser amado. Una familia rota y partida por el medio por la tragedia, pero finalmente reunida...



Luns 23
23:00

CASTELO

# *Farsas y églogas*

## Compañía Nacional de Teatro Clásico e Nao d'amores. España

**Dirección e versión:** Ana Zamora
**Versión:** Ana Zamora
**Autor:** Lucas Fernández
**Intérpretes:** Sergio Adillo, Eva Jornet, José Vicente Ramos, Elena Rayos, María Alejandra Saturno, Juan Pedro Schwartz, Alejandro Sigüenza, Isabel Zamora
**Espazo escénico:** David Faraco
**Iluminación:** Miguel A. Camacho e Pedro Yagüe
**Arranxos e Dirección Musical:** Alicia Lázaro
**Indumentaria:** Deborah Macías
**Público recomendado:** Todos
**Tipo de espectáculo:** Clásico-humor, música, teatro de texto e danza
**Duración:** 75 min.

[www.naodamores.com]
[www.teatroclasico.mcu.es]

Lucas Fernández válese dos pastores como personaxes predominantes na súa obra dramática. A súa grande achega literaria é o ton, o carácter deses pastores e o dominio da lingua na que dialogan. A presenza dos pastores ten unha finalidade cómica. Detrás de todo isto está tamén seguramente a influencia das propias representacións populares no ámbito labrego de Salamanca. Un canto a ese Amor que sempre vence en Lucas Fernández, metáfora do camiño cara a luz, do triunfo da ledicia de vivir. Este espectáculo pretende ser unha festa, un xogo escénico baseado na fragmentación das farsas que foron reducidas a secuencias dramáticas e superposición de recursos textuais, musicais e escénicos.

Lucas Fernández se sirve de los pastores como personajes predominantes en su obra dramática. Su gran aportación literaria es el tono, el carácter de dichos pastores y el dominio de la lengua en la que dialogan. La presencia de los pastores tiene una finalidad cómica. Detrás de todo ello está también seguramente la influencia de las propias representaciones populares en el campo de Salamanca. Un canto a ese Amor que siempre vence en Lucas Fernández, metáfora del camino hacia la luz, del triunfo de la alegría de vivir. Este espectáculo pretende ser una fiesta, un juego escénico basado en la fragmentación de las farsas que han sido reducidas a secuencias dramáticas y superposición de recursos textuales, musicales, escénicos.



Martes 24
23:00

CASTELO



# Donde hay agravios no hay celos

## Mefisto Teatro. Cuba

**Dirección:** Liuba Cid
**Autoría:** Francisco de Rojas Zorrilla / Liuba Cid
**Intérpretes:** Claudia López, Vladimir Cruz, Gabriel Buenaventura, Cristina Arranz, Rey Montesinos, Dayana Contreras, Luis Castellanos, Joanna González, Justo Salas.
**Espazo escénico:** Liuba Cid
**Iluminación:** LC performance
**Son / música:** Cancionero popular del Siglo de Oro
**Indumentaria:** Tony Díaz
**Caracterización:** Mephisto Teatro
**Público recomendado:** Maiores de 13 anos
**Tipo de espectáculo:** Teatro Clásico / Comedia
**Duración:** 90 min.

Unha xoia da picaresca do Século de Ouro escenificada pola directora de teatro cubano contemporáneo Liuba Cid. O xogo do amor e os enredos dunha familia compoñen o eixo argumental da peza. Don Juan encarga ao seu criado Sancho o envío dun retrato seu a Dona Inés, coa que está prometido. O ¿torpe? criado, por erro, envía o seu e non o do seu amo. Aproveitando a confusión de identidades, Don Juan asume o rol de Sancho e Sancho o de Don Juan. Paixóns, celos, intrigas e personaxes misteriosos axítanse na casa señorial de Dona Inés. Unha metáfora da vida, ou a vida mesma? Os personaxes van vestidos con estruturas forradas en papel e proxectadas na cor e exuberancia do "barroquismo tropical". Interpretado así polo deseñador cubano Tony Díaz, quen realizou un labor de creación a partir de materiais reciclables coma cartón, papel, madeira e aluminio.

Una joya de la picaresca del Siglo de Oro escenificada por la directora de teatro cubano contemporáneo Liuba Cid. El juego del amor y los enredos de una familia componen el eje argumental de la pieza. Don Juan encarga a su criado Sancho el envío de un retrato suyo a Doña Inés, con la que está prometido. El ¿torpe? criado, por error, envía el suyo y no el de su amo. Aprovechando la confusión de identidades, Don Juan asume el rol de Sancho y Sancho el de Don Juan. Pasiones, celos, intrigas y personajes misteriosos se agitan en la casa señorial de Doña Inés. ¿Una metáfora de la vida, o la vida misma? Los personajes van vestidos con estructuras forradas en papel y proyectadas en el color y exuberancia del "barroquismo tropical". Interpretado así por el diseñador cubano Tony Díaz, quien realizó una labor de creación a partir de materiales reciclables como cartón, papel, madera y aluminio.



Mércores 25
23:00

CASTELO

# *Oeste solitario*

## Producións Teatrais Ex céntricas. GALIZA

**Compañía:** Producións Teatrais Excéntricas
**Dirección:** Quico Cadaval
**Autoría:** Martin Mc Donagh
**Intérpretes:** Evaristo Calvo, Víctor Mosqueira, Marcos Correa e María Lado
**Espazo escénico:** Marcelino de Santiago, "Kukas"
**Iluminación:** Octavio Mas
**Son / música:** Piti Sanz
**Público recomendado:** Adultos
**Tipo de espectáculo:** Humor. Comedia Negra
**Duración:** 110 min.
**[www.excentricas.net]**

Unha casa afastada nas terras esquecidas do oeste de Irlanda. Ao pé da casa, unha lagoa de augas escuras. Aló abaixo, a aldea, a carón da ría de Leennane. Nesa casa viven os protagonistas do *Oeste Solitario*; os irmáns Connor: Valene e Coleman. Despois de enterrar o pai, volven ao tobo onde fermenta lentamente o rancor, a intolerancia e o odio. A historia semella que só pode acabar de dúas maneiras: cun coitelo entre os omoplatos ou cun cranio rebentado polo tiro dun cartucho do 12. Tamén hai unha parella romántica: Girleen, a rapariga da aldea que lles vende a augardente ilegal, e o padre Welsh, patético párroco fracasado, que interveñen na historia provocando, sen sabelo, un xiro inesperado.

Una casa apartada en las tierras olvidadas del oeste de Irlanda. Frente a la casa, una laguna de aguas oscuras. Allá abajo, la aldea, al lado de la ría de Leennane. En esa casa viven los protagonistas de *Oeste Solitario*; los hermanos Connor: Valene y Coleman. Después de enterrar a su padre, regresan a la madriguera donde fermenta lentamente el rencor, la intolerancia y el odio. La historia parece que solo puede acabar de dos maneras: con un cuchillo entre los omóplatos o con un cranio rebentado por el tiro de un cartucho del 12. También hay una pareja romántica: Girleen, la chica de la aldea que les vende aguardiente ilegal, y el padre Welsh, patético párroco fracasado, que intervienen en la historia provocando, sin saberlo, un giro inesperado.



# *In*

## Elefante elegante. GALIZA

Xoves 26
23:00

CASTELO

**Dirección:** María Torres
**Autoría:** María Torres e Gonçalo Guerreiro
**Intérpretes:** Ángela Blanco, Fredi Muíño, Gonçalo Guerreiro, María Torres e Nuria Sotelo
**Espazo escénico:** Gonçalo Guerreiro
**Iluminación:** Octavio Mas
**Son / música:** Elefante Elegante
**Indumentaria:** María Chenut
**Caracterización:** Elefante Elegante
**Público recomendado:** Maiores de 12 anos
**Tipo de espectáculo:** teatro / danza / videocreación
**Duración:** 75 min.

[www.elefanteelegante.net]

Un espectáculo sensitivo e universal que indaga na representación contemporánea da figura social, inspirado n'*A voda dos pequenos burgueses*, de Bertold Brecht. A súa poesía visual nace da fusión do teatro coa danza, o vídeo e as artes plásticas. *In* significa *dentro* en inglés e *to be in* quere dicir *estar na moda*. *IN* xorde da ambivalencia entre o ser e o parecer. O de dentro como a nosa identidade e o de fóra, o aspecto que podemos manipular, disfrazar e cambiar. O confronto do interior coa aparencia. Somos o que parecemos? Somos ou só parecemos?

Un espectáculo sensitivo y universal que indaga en la representación contemporanea de la figura social, inspirado en *La boda de los pequeños burgueses*, de Bertold Brecht. Su poesía visual nace de la fusión del teatro con la danza, el vídeo y las artes plásticas. *In* significa *dentro* en inglés y *to be in* quiere decir *estar de moda*. *IN* surge de la ambivalencia entre el ser y el parecer. Lo de dentro como nuestra identidad y lo de fuera, el aspecto que podemos manipular, disfrazar e cambiar. La confrontación del interior con la apariencia. Somos lo que parecemos? Somos o solo parecemos?



Venres 27
23:00

CASTELO



# Crónicas do Sochantre

## Les Anachroniques. Francia

**Dirección:** Matthieu Pouget
**Autoría:** Álvaro Cunqueiro.
**Adaptación-dramaturxia:** Matthieu Pouget
**Intérpretes:** Laura Barrado, Hegoa Garay, Ana Martinez Cobo, Leonor Harispe, Euriell Gobbé Mevellec, Delphine Saint Raymond, Jodel Grasset Sarawatari.
**Espazo escénico:** Jean Paul De Sa
**Iluminación:** Jean Paul De Sa
**Son / música:** Jodel Garsset Sarawatari
**Público recomendado:** adolescentes e adultos
**Tipo de espectáculo:** teatro
**Duración:** 1h 15min.

"¡Ho Blanc, Ho, Colin, Zus, La Garde! ¡Vamos hacia el cementerio de Kernascléden!" Resoplan y relinchan los tres caballos. La carroza desbaratada cargada de maletas está cobijando a misteriosos pasajeros. La Carroza consigue ponerse en marcha y se lanza, por los caminos de una Bretaña imaginaria, inventada por Álvaro Cunqueiro. En estas tierras mil y unas historias, cien veces repetidas, que reúnen leyendas célticas de los reinos de Bretaña y Galicia y tragedias universales. Pero, ¿Qué ocurrirá al anochecer? ¿Qué ocurrirá cuando se duerma el sochantre?

"¡Ho Blanc, Ho, Colin, Zus, La Garde! ¡ Imos cara o cemiterio de Kernascléden!" Resoplan e relinchan os tres cabalos. A carroza desbaratada cargada de maletas está resgardando misteriosos pasaxeiros. A Carroza consegue porse en marcha e lánzase, polos camiños dunha Bretaña imaxinaria, inventada por Álvaro Cunqueiro. Nestas terras, mil e unha historias, cen veces repetidas, que reúnen lendas célticas dos reinos de Bretaña e Galiza e traxedias universais. Pero, ¿Que ocorrerá á noitiña? ¿Que ocorrerá cando durma o sochantre?

Coa axuda de:
**La Région Midi Pyrénées, le Département de Haute-Garonne, Ville de Toulouse, l'Université Toulouse le Mirail, La SPEDIDAM, Le CIAM, Les PUM, le CETIM, et LLA-CREATIS.**





Sábado 28
23:00

CASTELO



# *Delicadas*

T de teatre. Cataluña

**Dirección e autoría:** Alfredo Sanzol
**Intérpretes:** Mamen Duch, Marta Pérez, Carme Pla, Albert Ribalta, Jordi Rico, Àgata Roca
**Espazo escénico:** Alejandro Andújar
**Iluminación:** Albert Faura
**Son / música:** Roc Mateu
**Indumentaria:** Alejandro Andújar
**Público recomendado:** Todos
**Tipo de espectáculo:** Comedia
**Duración:** 90 min.

[www.delicadasteatro.com]

*Delicadas* é unha historia de morte e da resurrección, creada por un dos novos valores da dirección e dramaturxia contemporánea, Alfredo Sanzol. Unha historia de primavera na que a vida loita con todas as súas forzas para seguir viva. Unha historia na que vivir é máis importante ca como vivir. Mulleres cos pés na terra e a mirada no ceo. Esa foi a clave para construír un espazo en que estes dous elementos, terra e ceo, aparecen literalmente. Un tempo perdido. Un tempo de homes e mulleres que viviron entre o ceo e a terra. Pode que nosoutros creamos que xa non somos coma eles. Un tempo perdido.

*Delicadas* es una historia de muerte y de su resurrección, creada por uno de los nuevos valores de la dirección y dramaturgia contemporáneas, Alfredo Sanzol. Una historia de primavera en la que la vida lucha con todas sus fuerzas para seguir viva. Una historia en la que vivir es más importante que cómo vivir. Mujeres con los pies en la tierra y la mirada en el cielo. Esa ha sido la clave para construir un espacio en el que estos dos elementos, tierra y cielo, aparecen literalmente. Un tiempo perdido. Un tiempo de hombres y mujeres que vivieron entre el cielo y la tierra. Puede que nosotros creamos que ya no somos como ellos. Un tiempo perdido.



# Bailando tus huesos

## Teatro en el Aire. España

**Domingo 22**
**Luns 23**
**Martes 24**
**20:30**

**IGREXA DA MADALENA**

**Dirección:** Lidia Rodriguez
**Autoría:** Rocío Herrera e Lidia Rodriguez
**Intérpretes:** Laura de Casas, Rocío Herrera e Lidia Rodriguez
**Espazo escénico:** Teatro en el Aire
**Iluminación e son:** Teatro en el Aire
**Indumentaria:** Vestuario La Negra
**Caracterización:** Teatro en el Aire
**Público recomendado:** a partir de 12 anos
**Tipo de espectáculo:** Teatro sensorial. Cea-espectáculo
**Duración:** 120 min.

[www.teatroenelaire.com]
**Aforo limitado – estrea absoluta**

Nesta nova proposta, Teatro en el Aire convida a 20 persoas a unha deliciosa cea onde poderás degustar diversos manxares coma se fose a última vez (ou a primeira), nunha estraña cantina con sabor a México. As Catrinas: Flaca, Pelona e Llorona, son as perfectas anfitrioas dunha mesa na que compartirán risas e cubertos con distintos personaxes que xa pasaron "a mellor vida", e que a través das súas reflexións e xogos sensoriais invítante a facer o mesmo, é dicir, a vivir mellor a vida que che queda.

En esta nueva propuesta, Teatro en el Aire invita a 20 personas a una deliciosa cena donde podrás degustar diversos manjares como si fuera la última vez (o la primera), en una extraña cantina con sabor a México. Las Catrinas: Flaca, Pelona y Llorona, son las perfectas anfitrionas de una mesa en la que compartirán risas y cubiertos con distintos personajes que ya han pasado "a mejor vida", y que a través de sus reflexiones y juegos sensoriales te invitan a hacer lo mismo, es decir, a vivir mejor la vida que te queda.



**Mércores 25**
**21:00**

**CASA DA CULTURA**



# *El príncipe feliz*

## La Baldufa. Cataluña

**Dirección:** Jorge Picó
**Autoría:** Oscar Wilde / Adaptación: Jorge Picó e La Baldufa
**Intérpretes:** Enric Blasi e Carles Pijuan / Técnico en escena: Miki Arbizu
**Espazo escénico:** Carles Pijuan
**Iluminación:** Miki Arbizu
**Son / música:** Óscar Roig / Deseño de secuenciación: Sergio Sisqués
**Indumentaria:** Carles Pijuan e Teresa Ortega
**Público recomendado:** a partir de 6 anos
**Tipo de espectáculo:** Teatro multidisciplinar
**Duración:** 50 min.

[www.labaldufateatre.com]

**PREMIO Á MELLOR ADAPTACIÓN TEATRAL. FETEN 2012. XIXÓN**



No outeiro que domina a cidade elévase a maxestosa estatua do Príncipe Feliz. El tivera unha vida doada e luxosa tras os valados do seu castelo. Pero agora, inmóbil, dende o máis alto, observa a miseria da poboación e chora de impotencia. Unha anduriña que pasa pola cidade camiño de África, decide quedar para axudalo. Xuntos darannos unha lección de amor e xenerosidade. A partir do conto de Oscar Wilde, La Baldufa converte esta bela historia nunha máxica mestura de sombras, obxectos, proxeccións, textos, música e actores. Un espectáculo cheo de tenrura e emoción.

En la colina que domina la ciudad se eleva la majestuosa estatua de El Príncipe Feliz. Él había tenido una vida fácil y lujosa tras los muros de su castillo. Pero ahora, inmóvil, desde lo más alto, observa la miseria de la población y llora de impotencia. Una golondrina que pasa por la ciudad camino de África, decide quedarse para ayudarlo. Juntos nos darán una lección de amor y generosidad. A partir del cuento de Oscar Wilde, La Baldufa ha convertido esta bella historia en una mágica mezcla de sombras, objetos, proyecciones, textos, música y actores. Un espectáculo lleno de ternura y emoción.

Venres 27
21:00

CASA DA CULTURA



# A tempestade

## ESAD Galicia. Galiza

**Dirección e dramaturxia:** Dani Salgado
**Axudantía de dirección:** Juan Carlos Corredoira e Ana Carreira
**Dirección musical:** David González
**Autoría:** William Shakespeare
**Intérpretes:** Alba Alonso (Olivia), David González (Ariel), Lucía Hernández (Xulia), Muriel Pernas (Fernando), Adrián Ríos (Alonso), Cristina Rodríguez (Silvia), Rubén Rodríguez (Sebastián), Paloma Saavedra (Catarina), Chechu Salgado (Calibán), Rocío Salgado (Constanza), Toni Salgado (Próspero)
**Deseño escenografía:** Neme Álvarez e Coti Faro
**Construción escenografía:** Ana Duarte e Juan Díaz
**Deseño iluminación:** Montse Piñeiro e Iván R.
**Figurinismo:** Diego Valeiras
**Coordinación docente:** Cristina Domínguez, Alejandra Montemayor, David Mortol, Carlos Pinilla, Carmen Romero e Ricardo Solveira.
**Colabora:** AGADIC, MIT Ribadavia e Guimarães 2012 - Capital Europea da Cultura
www.esadgalicia.com

**ESTREA ABSOLUTA**
**Apoio da MIT ao teatro en formación**

*A tempestade*, o derradeiro texto completo escrito por Shakespeare, é unha desconcertante mestura de relato fantástico, drama musical, comedia romántica e farsa bufonesca. Preséntanos a vinganza de Próspero, duque italiano perdido nunha illa remota, contra as persoas que causaron a súa desgraza. Para executar os seus plans, Próspero afunde o navío dos seus inimigos, dispérsaos pola illa e manipúlaos ao seu antollo. Amparándose en recursos da maxia teatral, Próspero buscará un consolo ao seu sufrimento. Velaí a última gran pregunta do dramaturgo inglés: que grao de plenitude podemos acadar grazas á arte escénica?

*La tempestad*, el último texto completo escrito por Shakespeare, es una desconcertante mezcla de relato fantástico, drama musical, comedia romántica y farsa bufonesca. Nos presenta la venganza de Próspero, duque italiano perdido en una isla remota, contra las personas que causaron su desgracia. Para ejecutar sus planes, Próspero hunde el navío de sus enemigos, los dispersa por la isla y los manipula a su antojo. Amparándose en recursos de la magia teatral, Próspero buscará un consuelo a su sufrimiento. He aquí la última gran pregunta del dramaturgo inglés: ¿qué grado de plenitud podemos alcanzar gracias al arte escénico?



# Sololeo- Truck Theater

## Falsaria de Indias. España

**Venres 27**
**Sábado 28**
**12:00**
**21:30**

**ADRO DE SANTO DOMINGO**

**Dirección e autoría:** Llanos Campos
**Intérpretes:** Alfredo Martínez e Llanos Campos
**Espazo escénico:** Compañía Falsaria de Indias
**Iluminación:** Compañía Falsaria de Indias
**Son / música:** Agustín Lozano
**Indumentaria e caracterización:** Compañía Falsaria de Indias
**Público recomendado:** Infantil
**Tipo de espectáculo:** Infantil de Títeres
**Duración:** 35 min.
Aforo limitado. Camión-teatro homologado para exhibición escénica.

Leo é un neno que está só. E que se aburre. Pero abúrrese porque non sabe que, en realidade, non está só. Está rodeado de libros. E, dentro, hai historias fantásticas, aventuras, viaxes, novos amigos que só están esperando a que se lle ocorra extender a man e pasar a primeira páxina de calquera deles. Todas as historias son dignas de seren contadas, todas están aí, agardando a que as descubramos. Talvez, tamén a túa propia, que outro día, noutro lugar, lerá outro neno coma ti.

Leo es un niño que está solo. Y que se aburre. Pero se aburre porque no sabe que, en realidad, no está solo. Está rodeado de libros. Y, dentro, hay historias fantásticas, aventuras, viajes, nuevos amigos que sólo están esperando a que se le ocurra extender la mano y pasar la primera página de cualquiera de ellos. Todas las historias son dignas de ser contadas, todas están ahí, esperando a que las descubramos. Tal vez, también la tuya propia, que otro día, en otro lugar, leerá otro niño como tú.



Sábado 21
00:30
Praza Maior
RUADAVIA

# *ZOTT il fuoco che cammina*

## Drago Bianco e Cantiere Ikrea. ITALIA

**Dirección:** Antonio Bonura
**Autoría:** Il Drago Bianco
**Intérpretes:** Antonio Bonura, Luca Perrotta, Carolina Amoretti, Viola.
**Indumentaria:** Antonio Bonura
**Público recomendado:** todos os públicos
**Tipo de espectáculo:** espectáculo de manipulación de lume, teatro e danza contemporánea
**Duración:** 45 min.

[www.ildragobianco.com]
[www.cantiereikrea.it]

As lapas do lume fanse itinerantes para levar luz e calor polas vías e para as prazas públicas. Unha compañía de danzantes-actores que fica acesa mais sen queimar e que sen temor converte o terror ofrecendo a beleza do lume ao público, manipulándoo e transformando a noite nun día cheo de relocentes emocións, faíscas que son estrelas para che facer vivir un soño cos ollos abertos nun mundo onde o estupor aínda é o dono.

Las llamas del fuego se vuelven itinerantes para llevar luz y calor por las calles y para las plazas públicas. Una compañía de danzantes-actores que permanece encendida pero sin quemar y que sin temor convierte el terror ofreciendo la belleza del fuego al público, manipulándolo y transformando la noche en un día repleto de relucientes emociones, chispas que son estrellas para hacerte vivir un sueño con los ojos abiertos en un mundo donde el estupor todavía es el dueño.



**Luns 23**
**21:00**
**Praza Maior**
**RUADAVIA**



# *Feedback*

## Teatro de Marionetas do Porto. Portugal

**Autoría e dirección:** Creación colectiva de Edgard Fernandes, Rui Queiroz de Matos, Rui Pedro Rodrigues e Sara Henriques
**Intérpretes:** Edgard Fernandes, Rui Queiroz de Matos, Sara Henriques
**Iluminación:** Rui Pedro Rodrigues
**Son / música:** Sonoplastia de HUSMA Nuno Cortez e Pedro Cardoso
**Indumentaria:** Cláudia Ribeiro
**Público recomendado:** maiores de 4 anos
**Tipo de espectáculo:** marionetas / espetáculo de rúa
**Duración:** 30 min.

[www.marionetasdoporto.pt]

Tres monicreques e tres actores apodéranse do pequeno palco e non van deixar indiferente ao público que será rapidamente envolvido nesta performance/concerto de grande enerxía. Textos, músicas, movemento crean unha dinámica de intervención. Monicreques e actores xúntanse para emitir un berro, unha voz que apunta opinións, nunha dirección de intervención para dalgunha forma mudar o sentido, ou polo menos provocar os sentidos.

Tres marionetas y tres actores se apoderan del pequeño palco y no van a dejar indiferente al público, que será rápidamente envuelto en esta performance/concierto de gran energía. Textos, músicas, movimiento crean una dinámica de intervención. Marionetas y actores se fusionan para emitir un grito, una voz que apunta opiniones, en una dirección de intervención para de alguna forma cambiar el sentido, o por lo menos provocar los sentidos.



**Martes 24**
**12:00**
**20:00**

**Itinerante**

**RUADAVIA**



# *Xirafas*

## Xirriquiteula. Cataluña

**Dirección:** Colectiva
**Intérpretes:** Ximena Escobar, Marc Costa, Julian Jabón, Camilo Vernazza
**Son / música:** Música en directo / instrumento : steel drum
**Caracterización:** Xirafas
**Público recomendado:** Todos os públicos
**Tipo de espectáculo:** Itinerante
**Duración:** 2 pases de 30 min.
**[www.xirriquiteula.com]**

Dúas xirafas e a súa cría deambulan pola cidade, acompañadas por uns músicos que cos seus instrumentos recrean unha atmosfera onírica e silvestre. Espectaculares e chamativas avanzan en silencio comunicándose e conectando co público que se achega e ao cal sorprenden. A través da mirada inxenua e curiosa desta familia de xirafas descubrimos unha nova maneira de ver e vivirmos a cidade ou calquera outro espazo. Espectáculo de altura e sen palabras.

Dos jirafas y su cría deambulan por la ciudad, acompañadas por unos músicos que con sus instrumentos recrean una atmósfera onírica y silvestre. Espectaculares y llamativas avanzan en silencio comunicándose y conectando con el público que se acerca y al cual sorprenden. A través de la mirada ingenua y curiosa de esta familia de jirafas descubrimos una nueva manera de ver y vivir la ciudad o cualquier otro espacio. Espectáculo de altura y sin palabras.



# *Post-sciptum*

## Théâtre du Sursaut. BÉLXICA

Xoves 26
12:00
San Cristovo
SPUTMIT

Xoves 26
21:00
Praza Maior
RUADAVIA

**Dirección e autoría:** Hélène Pirenne
**Intérprete:** Hélène Pirenne
**Espazo escénico e iluminación:** Théâtre du Sursaut
**Son / música:** René Aubry
**Caracterización e indumentaria:** Hélène Pirenne
**Público recomendado:** A partir de 5 anos
**Tipo de espectáculo:** Clown e marionetas
**Duración:** 45 min.
[www.theatredusursaut.be]

Velaquí a historia da Carrapuchiña Vermella dende outro punto de vista. Velaquí Lorgnette, que se entusiasma, xoga a sorprender, a nos somerxer no seu universo construído de invencións, minucias e repleto de humor. Carrapuchiña Vermella é unha caprichosa e a avoa non é a que pensamos, pero o importante é o lobo. O xesto, a interpretación que se desborda, as sorpresas; velaquí o inventario de *Post-Scriptum*. Un espectáculo absurdo e inesperado.

He aquí La historia de Caperucita Roja desde otro punto de vista. He aquí Lorgnette, que se entusiasma, juega a sorprender, a sumergirnos en su universo construido de invenciones, minucias y repleto de humor. Caperucita Roja es una caprichosa y la abuela no es la que pensamos, pero lo importante es el lobo. El gesto, la interpretación que se desborda, las sorpresas; he aquí el inventario de *Post-Scriptum*. Un espectáculo absurdo e inesperado.



Mércores 25
20:00
**Santo André**

SPUTMIT



# *O cego dos Monifates*
## Seisdedos Títeres - Viravolta. Galiza

**Dirección:** Anxo García
**Autoría:** Seisdedos Títeres
**Intérpretes:** Anxo García e Fran Lareu
**Indumentaria e caracterización:** Seisdedos Títeres
**Público recomendado:** Todos os públicos
**Tipo de espectáculo:** Teatro de rúa Bululú, monicreques tradicionais e música.
**Duración:** 45 min.
[www.viravolta.es]

A compañía de maese Seisdedos, cego e monicrequeiro ambulante, representa, usando a técnica tradicional do bululú galego na que o "lazarillo" manipulaba os bonecos oculto na capa do cego que tocaba a zanfona, contos medievais (Joan de Timoneda, Lope de Rueda,...) e populares; romances históricos (*A nau Catrineta, D. Martiño...*); romances de cego (*Crime de Caldas...*); pequenas pezas teatrais e cancións tradicionais (*O sacristán de Coimbra...*). Nestas representacións reflíctese sempre a dinámica clásica da picaresca e enganos entre cego e *lazarillo*. Incorpóranse amais a este espectáculo algúns bonecos tradicionais xa desaparecidos para realizar algúns *sketchs* nos que prima a participación do público con danzas e cancións.

La compañía de maese Seisdedos, ciego y titiritero ambulante, representa, usando la técnica tradicional del bululú gallego en la que el "lazarillo" manipulaba los muñecos oculto en la capa del ciego que tocaba la zanfoña, cuentos medievales (Joan de Timoneda, Lope de Rueda,...) y populares; romances históricos (*A nau Catrineta, D. Martiño...*); romances de ciego (*Crime de Caldas...*); pequeñas piezas teatrales y canciones tradicionales (*O sacristán de Coimbra...*). En estas representaciones se refleja siempre la dinámica clásica de la picaresca y los engaños entre ciego y *lazarillo*. Se incorporan además a este espectáculo algunos muñecos tradicionales ya desaparecidos para realizar algunos *sketchs* en los que prima la participación del público con danzas y canciones.



Venres 27
20:00
Sampaio

SPUTMIT



# *Historia dunha semente*

## Caramuxo Teatro. Galiza

**Dirección:** Juan Rodríguez
**Autoría:** Juan Rodríguez
**Intérpretes:** Juan Rodríguez e Laura Sarasola
**Espazo escénico:** Caramuxo Teatro
**Iluminación:** Suso Jalda
**Indumentaria:** Caramuxo Teatro
**Público recomendado:** A partir de 3 anos. Público familiar
**Tipo de espectáculo:** Comedia infantil-familiar.
**Duración:** 45 min.
[www.caramuxoteatro.net]

Dúas persoas buscan algo pero non saben o que están buscando ata que o atopan. Unha semente. ¿Como é posible que algo tan pequeno se converta nunha grande árbore? *Historia dunha semente* é a historia dunha árbore, unha maceira que enche de vida a pradeira. Galiñas que non poñen ovos, raposos con moita fame, unha mosca namoradiza en busca do moscón perfecto, unha nube e un sol moi peculiares e moita diversión. Unha fábula que reflexiona sobre a natureza e os cambios que se producen nela. Espectáculo cómico de monicreques de mesa e actores cheo de maxia e que introduce ós máis novos nun mundo cheo de imaxinación e fantasía.

Dos personas buscan algo pero no saben lo que están buscando hasta que lo encuentran. Una semilla. ¿Cómo es posible que algo tan pequeño se convierta en un gran árbol? *Historia dunha semente* es la historia de un árbol, un manzano que llena de vida la pradera. Gallinas que no ponen huevos, zorros con mucha hambre, una mosca enamoradiza en busca del moscón perfecto, una nube y un sol muy peculiares y mucha diversión. Una fábula que reflexiona sobre la naturaleza y los cambios que se producen en ella. Espectáculo cómico de títeres de mesa y actores lleno de magia y que introduce a los más jóvenes en un mundo repleto de imaginación y fantasía.



Sábado 28
20:00
**Francelos**

SPUTMIT



# *Arrieiros*

## Os Quintilláns. Galiza

**Dirección:** Tero Rodríguez e Lucho Penabade
**Autoría:** Lucho Penabade
**Intérpretes:** Pepe Soto, Inacio Vilariño, María Chenut, Sherezade Bardají, Alfonso Romeo, Luchi Iglesias, Lucho Penabade.
**Espazo escénico:** Inacio Vilariño, Luchi Iglesias
**Iluminación:** Xacobo Castro
**Son / música:** Manolo Riveiro
**Indumentaria:** María Chenut
**Caracterización:** María Chenut
**Público recomendado:** Todos os pùblicos
**Tipo de espectáculo:** Teatro de rúa
**Duración:** 75 min.

[www.quinquillans.com]

Un grupo de arrieiros parte cun gran pipo de viño desde o Ribeiro ata Pontevedra, embarcándoo para as tabernas de Inglaterra. No camiño, encontraranse con bandoleiros que atracan á xente nos camiños, feirantes, cegos e contadores de historias, segadores e tamén con cregos, fidalgos e mesmo xenerais.*Arrieiros* é unha viaxe pola historia e a vida cotiá do século XIX, representada nun lugar ideal, Francelos.



Un grupo de "arrieiros" parte con una gran cuba de vino desde el Ribeiro hasta Pontevedra, embarcándolo para las tabernas de Inglaterra. En el camino, se encuentraran con bandoleros que atracan a la gente en los caminos, feriantes, ciegos y contadores de historias, segadores y también con feligreses, hidalgos e incluso generales. *Arrieiros* es un viaje por la historia y la vida cotidiana del Siglo XIX, representada en un lugar ideal, Francelos.

Xoves 26
Salón de actos do Concello
10:00 h.

# XORNADA DE CRÍTICA E TEATRO

## Asociación de Escritores en Lingua Galega

No marco da Xornada de Crítica organizada pola Sección de Crítica da AELG, quiximos nesta ocasión atender a crítica teatral a través da reunión de críticxs e artistas das artes escénicas. Así, tratarase de reflexionar sobre a presenza e ausencia da crítica nun ámbito artístico heteroxéneo e dinámico, onde se reflicten coma en ningún outro espazo cultural as particularidades dun contexto emerxente como é o galego. En Ribadavia reuniranse, por tanto, os nomes máis sobranceiros da crítica teatral nos nosos medios de comunicación e debatirán cos artistas escénicos sobre aspectos vencellados aos xéneros, á actividade profesional, á relación cos medios de comunicación ou, en definitiva, o propio exercicio da crítica.

Coordenada por Inma López Silva e Roberto Pascual



# ACTIVIDADES PARALELAS

**10:00 h. Apertura da sesión**

Presentación da xornada e estado da cuestión por Roberto Pascual, Cesáreo Sánchez Iglesias e Inma López Silva.

**O gran ausente da crítica: teatro para a infancia e a mocidade**

Montse Pena Presas (Investigadora USC)
Paula Carballeira (Escritora, actriz)
Gonzalo Guerreiro (Elefante Elegante)
Modera: Ana Blanca Roig (Profesora USC)

**Teatro e literatura dramática ante a crítica**

Dolores Vilavedra (Profesora USC)
Santiago Cortegoso (Actor, director e dramaturgo)
Francisco Pillado (Editor)
Modera: Roi Vidal Ponte (Director de escena)

**A crítica teatral nos medios de comunicación**

Mónica Caamaño (Plataforma das Artes Escénicas)
Comba Campoy (Xornalista)
Ana Romaní (Radio Galega)
Camilo Franco (*La Voz de Galicia*)
Manuel Xestoso (*Revista Galega de Teatro*)
Modera: Inma López Silva (Revista *Tempos Novos*)

**13:30 h. Clausura**

**e acto de entrega do Premio de Honra Abrente a Francisco Pillado Mayor**



# ACTIVIDADES PARALELAS

## PREMIO DE HONRA ABRENTE 2012 AO MÉRITO NAS ARTES ESCÉNICAS

### ACTA DO PREMIO, CONCEDIDO EN RIBADAVIA, O DÍA 26 DE XULLO DE 2012 A FRANCISCO PILLADO MAYOR

A memoria e o coñecemento son elementos fundamentais tamén na construción dun teatro nacional que posúa afán de rigor, mellora permanente da calidade e ampla difusión das súas actividades. Ningunha experiencia artística prestixiosa está desvinculada da innovación, a formación e o estudo permanente das súas técnicas, estratexias, axentes e correntes estéticas. Consciente de todo isto, Francisco Pillado Mayor levou a cabo en solitario ou na compaña doutras destacadas personalidades do noso teatro coma Manuel Lourenzo, proxectos fundamentais e xa míticos para o desenvolvemento das artes escénicas contemporáneas coma o *Dicionario do teatro galego (1671-1985), a Antoloxía do Teatro Galego,* os cadernos da Escola Dramática Galega, etc.




Dende o asociacionismo cultural (foi promotor do Facho en 1965 na Coruña) ata a súa actividade constante e decidida a prol da edición teatral en Laiovento, Francisco Pillado soubo pór en valor a herdanza dunha cultura que non é ágrafa no ámbito escénico - malia o que se puidese pensar despois do franquismo -, ata as oportunidades brindadas aos máis novos valores da escrita teatral en galego ou a tradución e versión á nosa lingua propia da dramaturxia de autores coma Chékhov, Beckett, Strindberg, Genet, etc. A súa paixón e perseveranza sempre estiveron acompañadas pola solidariedade con creadores, estudantes e, por extensión, con toda a sociedade galega. Así, en 1996 cedeu a súa biblioteca, composta por unha incalculable nómina de volumes, carteis, programas, recortes de prensa, etc., á Universidade da Coruña, co afán de que as institucións educativas puxesen os mellores recursos e capacidades en torno á investigación do teatro galego.

A MIT Ribadavia desexa recoñecer co Premio de Honra Abrente 2012 a ollada ampla e a preocupación activa de Francisco Pillado polas letras galegas, ora dende a directiva da Asociación de Escritores en Lingua Galega ora como director da revista *Casahamlet* ou da colección Arlequín de teatro ou da editorial Laiovento. As súas tarefas e a súa actitude de esforzo, esperta á vontade creadora e crítica, son un exemplo das ramificacións e bondades pedagóxicas das artes escénicas, do valor do pensamento artístico e da necesidade dun novo concepto da economía social.

# ACTIVIDADES PARALELAS

**Domingo 22**
**Salón de plenos do Concello**
**12:30 h.**

## Resolución do 7ª Premio Abrente de Textos Teatrais




O xurado estará presidido polo Sr. Alcalde de Ribadavia e formarán parte do mesmo o Concelleiro de Cultura, o Director da MIT e tres persoas de recoñecido prestixio no eido das artes escénicas: Vanesa Sotelo (gañadora do 6º Premio Abrente), Manuel F. Vieites (director da ESAD de Galicia) e Sonia Rúa (actriz).

O acto estará presidido por D. Valentín García Gómez, Secretario Xeral de Política Lingüística.

**Xoves 26**
**Café La Huella del Gato**
**19:30 h.**

## Presentación do número 71 da *Revista Galega de Teatro*



# ACTIVIDADES PARALELAS

## TEATRO DO VILAR

Venres 20
**Auditorio do Castelo**
23:00 h.

**Apoio da MIT ao teatro afeccionado de Ribadavia.**

Obra: ***Fóra de si***
**Autor:** José Luis Alonso de Santos
**Reparto:** Rosa (María García), Antía (Silvia Estévez), Xoán (Juan Carlos Fernández), Director (Rafa Carrera), Madre Superiora (Manolita Estévez), Subinspector (Yago García), Sor Concepción (Esther Pumar).
**Escenografía:** Teatro do Vilar
**Fotografía:** Rosiña Rojo
**Dirección:** Elena Seijo
**Duración:** 90 min.
**Xénero:** Comedia



Un manicomio cun pavillón de homes e outro de mulleres. Onde os nosos personaxes se verán implicados en situacións nas que nada é o que parece *"...unhas veces veme, e outras non me ve..."*

## Visitas guiadas ás instalacións de Viña Costeira

**Saída nº 252 da A52, Ribadavia**

Gratuíta para os asistentes da MIT.

Días 21, 22, 23 e 24 de xullo
de 19:00 a 20:00 h.

Días 25, 26, 27 e 28 de xullo
de 18:30 a 19:30 h.

28 MOSTRA INTERNACIONAL DE TEATRO DE RIBADAVIA
21 - 28 xullo 2012

**Dirección:** Roberto Pascual
**Responsable do servizo web:** Manuel López Miguélez
**Responsable do servizo de venda de entradas:** Beatriz Domínguez Cendón
**Responsable de contratación e persoal:** Francisco José Muñiz Ferro
**Responsable do servizo de prensa:** Tere Rivela
**Cartel:** Diego Valeiras
**Programa:** disigna edenia
**Fotografía:** Natasha Lelenco
**Deseño premio MIT:** Manuel Rodríguez Alonso (Sampedro)
**Coordinación técnica e actividades:** Diego Valeiras
**Loxística:** Armar
**Montaxe:** Saguay
**Venda de entradas on-line:** www.servinova.es
**Imprenta:** Rodi Artes Gráficas
**Agradecementos:** Fabrice Corrons, Daniela Bosioc, José Iván Martínez Arias, Vanesa Sotelo, Manuel Vieites, Sonia Rúa, Teatro do Vilar, La Huella del Gato, GRUMIR Ribadavia, Policía Local, Cruz Vermella, persoal do Concello, oficina de Turismo, voluntarios/as da MIT, benefactores e persoas que a título individual honran coa súa colaboración á MIT.

## Protectorado público

## Patrocinadores

## Mecenas

## Colaboradores





MOSTRA INTERNACIONAL
DE TEATRO DE RIBADAVIA

GOBIERNO DE ESPAÑA
MINISTERIO DE EDUCACIÓN, CULTURA Y DEPORTE
SECRETARÍA DE ESTADO DE CULTURA
INSTITUTO NACIONAL DE LAS ARTES ESCÉNICAS Y DE LA MÚSICA

DEPUTACIÓN OURENSE

XUNTA DE GALICIA

AGADIC Axencia Galega das Industrias Culturais

Concello de Ribadavia
Concellería de Cultura